

ANUNCIO**ASUNTO.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E DATA, HORA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DO
SEGUNDO EXERCICIO E CRITERIOS XERAIS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E
SUPERACIÓN DO MESMO.****Resolución de alegacións**

No expediente relativo ao presente procedemento, con número 46516-220, constan as seguintes alegacións, que por unanimidade dos membros deste órgano foron resoltas do seguinte xeito, coa asistencia da secretaria deste órgano, tal e como indica a base xeral oitava (BOP núm. 107, do 7 de xuño de 2024).

2. ALEGACIÓN ÚNICA: CARRERA FERREIRA, J.A. (**6122**) CÓD. W1428995-2761, do 05-02-2026. Solicita que anule a pregunta núm. 2 “*por falta de determinación suficiente del supuesto de hecho, al limitarse el enunciado a indicar que la mezcla bituminosa se extiende sobre una “capa granular”, sin mayor precisión sobre la naturaleza o estado de dicha capa*” e que “*De conformidad con la Orden FOM/510/2018, y en particular con lo dispuesto en los artículos 530 y 531 del Pliego de Prescripciones Técnicas Generales para Obras de Carreteras y Puentes (PG-3), la expresión “capa granular” no identifica de manera concreta el tipo de capa existente, ya que bajo dicha denominación se incluyen tanto capas granulares no tratadas como capas granulares tratadas con ligantes*”.

Consultada a Orden FOM/510/2018, de 8 de mayo, por la que se modifica la Orden FOM/2523/2014, de 12 de diciembre, o seu art. 530 refírese expresamente aos riscos de imprimación. Polo que á vista deste artigo expresamente indicado na pregunta 2 impugnada o órgano de selección adoita, por unanimidade, o seguinte:

Acordo: Desestimar a alegación presentada xa que a pregunta número 2 estaba redactada do seguinte xeito, con indicación exacta do art. 530 que era o aplicable ao suposto prantexado, que motiva a opción correcta sulñada en negriña:

“Pregunta 2. Según la Orden FOM/510/2018, de 8 de mayo, por la que se modifica la Orden FOM/2523/2014, de 12 de diciembre (art. 530), sobre una capa granular que va a recibir una capa de mezcla bituminosa, ¿qué tipo de riego debe efectuarse previamente?

- a) Riego de curado
- b) Riego de adherencia
- c) Riego de imprimación**
- d) Riego de lechada”

RECURSOS: Contra este acordo cabe interpoñer recurso de alzada ante o órgano superior xerárquico do órgano de selección, ao abeiro do establecido polos arts. 112, 121 e 122 da Lei



Copia do documento - Concello de Vigo
46516-220

Data impresión: 24/02/2026 14:03 | Páxina 1 de 3
CSV: A5B6A9-2CCEA8-8A578A-JYKR82-2KEFKP-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

39/2015, de 1 de outubro, no prazo de un mes a contar dende o seguinte á presente publicación sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a Dereito.

Segundo exercicio

O **órgano de selección** para a provisión dunha praza de oficial pavimentador, en réxime laboral, equiparadas ao subgrupo C2 de titulación, OEP 2020-2021-2022, 2ª fase, do Concello de Vigo, sistema de selección oposición libre **en sesión do 20/02/2026**, acordou o seguinte:

Dacordo co establecido nas bases específicas do presente proceso selectivo, o segundo exercicio deste proceso selectivo ten carácter obrigatorio e eliminatorio, e consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar as tarefas que propondrá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba. Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

O órgano de selección acorda por unanimidade o seguinte:

Data do segundo exercicio: martes 3 de marzo de 2026. O tribunal reunirase previamente ás 9.30h para determinar as tarefas correspondentes ao segundo exercicio.

Hora de chamamento de todos os candidatos que superaron o 1º exercicio: **11.00h.**

Letra pola que comezará o chamamento: letra "P".

Lugar: entrada principal do Parque Central de Servizos do Concello de Vigo sito na rúa Bagunda núm. 1 Lavadores, Vigo.

Tempo de duración: 45min./candidato

Criterios de valoración: (10 puntos)

- a) Destreza do aspirante na execución da proba e coñecemento e manexo de ferramentas: 3 puntos
- b) Calidade do traballo realizado: 3 puntos
- c) Orde e limpeza dos traballos: 1 punto
- d) Medidas de sinalización: 2 puntos
- e) Equipos de protección individual: 1 punto

Listado e orde de chamamento:

ORDE CHAMAMENTO	APELIDOS	NOME	DNI	ID	PUNTUACIÓN
1	CARRERA FERREIRA	JOSE ANTONIO	***6122**	101707	8,500
2	VELOSO COSTAS	JESÚS	***9910**	101468	6,333

Os candidatos que superaron o primeiro exercicio deberán acudir provistos de DNI ou documento equivalente identificativo, dacordo co previsto nas bases reguladoras deste procedemento.

A proba realizarase de xeito individualizado, por orde de chamamento, e deberán acudir con



**CONCELLO
DE VIGO**



**Órgano selección do proceso selectivo de oficial
pavimentador/a, oposición libre,
OEP 2020, 2021 e 2022, 2ª fase**

calzado e roupa axeitada para o desenvolvemento da mesma, sen prexuízo de que terán á súa disposición os Equipos de Protección Individual correspondentes.

Concédesse un prazo de tres (3) días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación deste anuncio para que, de ser o caso, poidan presentarse reclamacións que no seu caso consideren oportuna (Base Xeral Décimo Oitava) respecto a este segundo acordo do órgano de selección.

O que se anuncia para xeral e público coñecemento.

Vigo, na data da sinatura electrónica.
A secretaria do órgano de selección,



Copia do documento - Concello de Vigo
46516-220

Data impresión: 24/02/2026 14:03 Páxina 3 de 3
CSV: A5B6A9-2CCEA8-8A578A-JYKR82-2KEFKP-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>